

(Inserir símbolo da entidade)

Resolución do 27 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural e adquisición de equipamentos ás entidades galegas no exterior e se procede a súa convocatoria para o ano 2025

Programa B: Axudas para mellora de dotacións e equipamentos de carácter inventariable

MEMORIA EXPLICATIVA

A entidade ("*nome da entidade*") ten previsto adquirir os seguintes equipamentos:

1.- Mobiliario para oficina

Este equipamento está formado polas seguintes pezas:

-1 ordenador portátil e 1 impresora en cor

Este equipamento mercouse para a realización de tarefas administrativas, reunións e consultas, e editar e publicar material audiovisual dos grupos da entidade. O noso equipo informático estaba totalmente obsoleto, achegamos fotografías.

O custo total foi de **1.415 €**. A compra foi realizada o 2 de febreiro de 2025 na empresa Componentes PC.

2.-Vestimenta tradicional galega

Este equipamento está formado polas seguintes pezas:

-Seis traxes completos de adulto. Tres de home; composto por: monteira, chaqueta, chaleco, camisa, faixa, calzón, cirolas, polainas e medias. E tres de muller que inclúen: pano, dengue, camisa, mandil, mantela, enagua, saia, refaixo, xustillo, medias.

-Cinco mantóns rexionais para o grupo de baile xuvenil.

-Sete pares de zapatos, modelo Finiña do Ba, para o grupo de baile infantil.

Esta adquisición é precisa para ir renovando a vestimenta dos diferentes grupos de baile da entidade.

O custo do proxecto é de **5.682 €**, segundo o orzamento que se acompaña efectuado pola empresa *Galitraxe*. A compra está prevista realizala no mes de agosto de 2025.

Para os efectos dos art. 21.7 e 31 da Resolución, declaro que os equipamentos que se pretenden adquirir serán destinados aos fins para os que se concede a subvención durante un período mínimo de tres anos, e non a establecementos hostaleiros ou de explotación de carácter comercial que funcionen dentro das instalacións da entidade.

Lugar, data

Sinatura do presidente

Nome do presidente

Selo da entidade